

**PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA
CURSO 22/23**

**I.E.S.
M. de Sargadelos**

MATERIA: Matemáticas II

CURSO: 2º Bacharelato

PROFESOR/A:

CONTIDOS:

Os bloques de contidos que se abordan en Matemáticas son os seguintes:

- Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
- Bloque 2. Números e Álgebra.
- Bloque 3. Análise.
- Bloque 4. Xeometría.
- Bloque 5. Estatística e probabilidade

Repartidos nas seguintes unidades:

- 1. Matrices.
- 2. Determinantes
- 3. Sistemas de ecuacións.
- 4. Límites e continuidade.
- 5. Derivadas e aplicación das derivadas.
- 6. Integrais indefinidas.
- 7. Integrais definidas.
- 8. Vectores, rectas e planos no espacio.
- 9. Ángulos e distancias.
- 10. Probabilidade.
- 11. Distribucións binomial e normal.

OBXECTIVOS:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

METODOLOXÍA:

- Ó principio de cada unidade didáctica farase unha introducción á mesma repasando os conceptos previos que se precisen e realizando actividades de repaso cando se considere necesario.
- No desenrolo da unidade irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de exercicios e problemas relacionados cos mesmos. Para a adquisición de novos coñecementos pódense combinar varios métodos, como poden ser: explicación directa, consulta do libro de texto por parte do alumno, aprendizaxe por descubrimento, etc.
- Ó final da unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade, para que o alumno consolide e comprobe os coñecementos acadados.
- O profesor garantirá que os alumnos coñecerán a resolución correcta de todas as actividades propostas, e que poderán aclarar calquera dúbida relacionada con elas.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

A cualificación de cada alumno en cada avaliación obterase a partir dos seguintes aspectos recollidos no caderno do profesor:

- **NOTAS DAS PROBAS ESCRITAS.** Cada trimestre realizaranse como mínimo dous exames escritos. De todos eles calcularase a nota media.
- **NOTAS DE CLASE**
 - **ACTIVIDADES.** As actividades realizadas na clase (corrección de exercicios no taboleiro, recollida de exercicios, etc.)
 - **ACTITUDE.** As chamadas de atención por cuestións actitudinais consignaranse no caderno do profesor

A **nota de avaliación** calcularase do seguinte xeito:

- 90% da nota media das probas escritas.
- 10% das notas de clase. E calcularase a media das notas anteriores.

Para a nota de boletín, como debe de ser un número enteiro, aplicarase o redondeo agás no caso de que a nota estea no intervalo $[4,5, 5)$, nese caso a cualificación que aparecerá no boletín será un 4.

RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓN SUSPENSAS

- Ós alumnos que tiveran suspendido algunha avaliación recordaráselles que, se o desexan, poden asistir a reforzo na hora de atención a alumnos do profesor correspondente para aclarar dúbidas, solicitar (ou entregar para corrección) máis actividades ou simplemente obter consello do profesor.
- Despois da 1ª e 2ª avaliación realizarase un exame de recuperación para os alumnos **cualificados con menos dun 5 na avaliación**. Para o cálculo da **nova nota da avaliación** farase o mesmo cálculo que para a nota de avaliación (retomándose as notas de clase).
- Ós devanditos exames de recuperación tamén poderán presentarse todos aqueles alumnos que desexen subir a nota da avaliación, tendo en conta que a nota resultante (despois de aplicarlle as notas de clase) substituirá á acadada anteriormente tanto si é máis alta como máis baixa.

CUALIFICACIÓN FINAL

Unha vez rematada a 3ª avaliación, se a cualificación en todas as avaliacións é como mínimo de 3, calcularase a nota media entre as tres **notas de avaliación**. Se o resultado é de 5 ou máis, esta será a **nota final**. En caso contrario, o alumno deberá volverse examinar (no *exame de recuperación final*) de todas aquelas avaliacións nas que teña unha **nota de avaliación** inferior a 5. Despois deste exame volverase facer a facer a media (obtendo un mínimo de 3 en todas as avaliacións, noutro caso a nota final non superará o 4) e esa será a nota final.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE BACHARELATO En 2º de Bacharelato en xuño, para os alumnos suspensos na avaliación final ordinaria realizarase unha proba extraordinaria á que deberán presentarse os alumnos de 2º de Bacharelato que acadaran na avaliación final ordinaria unha cualificación inferior ó 5. Esta proba versará sobre a totalidade dos contidos mínimos establecidos para o curso nesta programación. A cualificación da avaliación extraordinaria será a nota deste exame redondeada ó enteiro máis próximo agás no caso de que a nota estea no intervalo $[4,5, 5)$, nese caso a cualificación que aparecerá no boletín será un 4. Os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarán o exame extraordinario do curso de 1º de Bacharelato

INCIDENCIAS NOS EXAMES

Se o profesor detecta que un alumno copiou nun exame, ben sexa por medio de "chuletas", apuntes, teléfono móbil, etc, ou ben, por outro compañeiro, este acto terá as seguintes consecuencias:

- Se é unha proba correspondente a unha avaliación, dita avaliación estará suspensa.
- Se se trata do exame de recuperación final de maio ou no exame extraordinario de xuño, o alumno suspenderá a materia.

San Cibrao a 12 de setembro de 2022

O/A profesor/a

Asdo: